

INSTRUCCIÓN Nº1/2023, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS SOBRE Á COMUNICACIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL NON DOCENTE E DOCENTE NON UNIVERSITARIO QUE PRESTA SERVIZOS EN CENTROS PÚBLICOS DOCENTES DEPENDENTES DESTA CONSELLERÍA.

O vindeiro día 1 de abril de 2023 entra en vigor o Real decreto 1060/2022, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración (BOE nº4, do 5 de xaneiro) e a Orde ISM/2/2023, do 11 de xaneiro, pola que se modifica a Orde ESS/1187/2015, do 15 de xuño, pola que se desenvolve o Real Decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración (BOE nº11, do 13 de xaneiro).

De conformidade coa dita normativa, suprímese a obriga da persoa traballadora incluída no Réxime xeral da Seguridade Social de presentar o parte de baixa, de confirmación ou de alta médica á empresa.

En consecuencia, esta instrución só é aplicable única e exclusivamente ao persoal incluído no Réxime xeral de Seguridade social. Non é aplicable ao persoal que pertenza ao SISTEMA MIXTO ou MUFACE con asistencia sanitaria de SEGURIDADE SOCIAL.

Polo exposto, o persoal non docente e docente non universitario incluído no Réxime xeral da Seguridade Social que presta servizos en centros públicos docentes dependentes desta consellería deberá comunicar **a situación de incapacidade temporal e a previsible duración desta** mediante a páxina web www.edu.xunta.gal/datospersoais, lapela **Comunicación de incapacidade temporal sen que sexa preciso que se suba á dita páxina ningún parte médico (baixa, confirmación ou alta).**

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

